




OS ADVERBIOS

Localiza no texto un adverbio de cada tipo e cópiao no lugar correspondente.

Hoxe fixemos no colexio unha xornada de xogos populares. Pasámolo moi ben porque facemos exercicio físico e tamén amigos. Xogamos aos birlos, á chave, á petanca...

A mestra organizou un campionato con outros colexios. A vindeira semana comezamos coas primeiras xornadas. Será fóra, noutra vila. Quizais gañemos algunhas medallas!

Cando comezamos a practicar estes xogos, eu non o tiña demasiado claro, pero agora encántame. Cada día gústame máis!



Lugar	Tempo	Modo	Cantidade	Afirmación	Negación	Dúbida

Completa cada oración cun adverbio de diferente clase.

- Pasámolo _____ na festa.
- Andrea chegou _____ á reunión.
- _____ visitaremos un museo.
- Eles viven _____ desde hai anos.

Escribe os adverbios do cadro no lugar correspondente segundo a clase indicada.

Un mapa moi coidadoso

No século XIV o rei de Aragón encargoulle a Abraham Cresques e ao seu fillo debuxar o mapamundi (CANTIDADE) exacto que se fixera (TEMPO). Os Cresques comezaron a traballar (MODO). En 1375 finalizaron (DÚBIDA) o mellor mapa da época. (TEMPO) este mapa consérvase (NEGACIÓN) (CANTIDADE) (LUGAR) de (LUGAR), en París.



actualmente
quizais
nunca
rapidamente
moi
non
lonxe
máis
aquí

Marca a resposta e puntúate. Cada resposta correcta vale 2 puntos.

- Os adverbios son palabras invariables.
- Daquela é un adverbio de tempo.
- Os adverbios poden funcionar como determinantes.
- Tamén é un adverbio de afirmación.
- Na oración *Irei alá*, o adverbio é complemento dun adxectivo.

SI	NON
☐	☐
☐	☐
☐	☐
☐	☐
☐	☐

PUNTUACIÓN	
1	▶
2	▶
3	▶
4	▶
5	▶
TOTAL	▶